

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: C.E.I.P. Isidora Riestra  
CURSO: 2º  
MATERIA: RELIXIÓN  
DATA: 08/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
- Identificar o significado profundo do Nadal.	3.3.1. Coñece o relato do nacemento de Xesús e descobre na actitude e palabras dos personaxeso valor profundo do Nadal. [ CL , CSC, CEC ]
- Recoñecer a incapacidade da persoa para alcanzar por si mesmo a felicidade.	1.2.1. Descubre e nomeasituacións nas que necesita das persoas, e sobre todo a Deus, para vivir..[ CL, CAA, CSC ]
- Recoñecer o Bautismo como medio para formar parte da Igrexa.	4.1.1 - Coñece e explica coas súas palabras o sentido do Bautismo. [ CL, CAA ]
- Coñecer aos pais e padriños bautizados como pobo de Xesús.	4. 1.2. Identifica os pais, padriños, presbíteros, bautizados como pobo xerado por Xesús. [ CCL, CSC ]
- Identificar a acción de Deus na historia en relatos bíblicos.	2.1.1. Coñece, memoriza e reconstrúe relatos bíblicos da acción de Deus na historia [ CL, CAA, CSC, CEC ]



## 1. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	Procedementos: Revisión das cualificacións do 1º e 2º trimestre e valoracións das actividades de reforzo/repaso.
	Instrumentos: fichas impresas sobre os contidos de repaso/reforzo deste período, traballo online nas distintas plataformas: E-dixgal, fotos das tarefas, vídeos que manden...
<b>Cualificación final</b>	Será a medida dos resultados do 1º e 2º trimestre máis a valoración das actividades reforzo/repaso realizadas. Valorarase que sexan entregadas as actividades de repaso de TODAS as semanas.
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	
<b>Alumnado de materia pendente</b>	Criterios de avaliación:
	Criterios de cualificación:
	Procedementos e instrumentos de avaliación:

## 2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<b>Actividades</b>	<p>Presentarase ao alumnado actividades de repaso/reforzo dos contidos traballados durante o 1º e 2 trimestre. A organización das tarefas será acorde co número de sesións semanais da materia evitando a saturación de traballo e enviaráselle tarefas semanalmente.</p>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p>Semanalmente súbense as tarefas do alumnado á aula virtual. Cada nivel ten o seu espazo polo que as familias en función do curso do seu e súa filla a pode acceder e descargar os arquivos. Mediante o correo electrónico póñome en contacto coas familias para mandarlle a tarefa. Máis adiante, respóndenme cun e-mail cós exercicios feitos, para que despois os envíe corrixidos.</p> <p>As familias que dispoñen de impresora poden imprimir as fichas pero non é imprescindible xa que poden facelas no caderno, sen necesidade de recurrir á impresión.</p> <p>Dadas as dificultades dalgunhas familias para dispoñer de dispositivos electrónicos para o traballo online, de conexión de calidade de internet, de coñecementos informáticos para desenvolver o traballo... o centro facilita as fichas impresas para que cheguen a todos cada semana.</p> <p>O alumnado ten toda a semana para realizar as tarefas e ao rematar debe facelas chegar ao titor polo medio estipulado: correo electrónico, foto por whatsapp, snappet, Edixgal... A finalidade é que haxa un feedback entre alumnado-profesorado e poder facer un seguimento da evolución de todo o alumnado.</p> <p>As familias poden poñerse en contacto co titor para calquera dúbida ou problema.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	<p>Fichas impresas de repaso de contidos, actividades online, aula virtual, actividades en Edixgal...</p>

### 3. Información e publicidade

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	Subiranse as programacións de cada nivel á web do centro para estar á disposición de todas as familias do centro para a súa consulta. Enviarase ás familias un aviso por abalarmóbil para informar de dita publicación e dende as titorías a través dos distintos medios cós que se está a traballar: correo electrónico, whatsapp, etc.
<b>Publicidade</b>	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.